

# V XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

5 de MARZO de 2022

A Delegación da FGA en Lugo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 5ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO, o **SÁBADO 5 de marzo de 2022**, en xornada de mañá no módulo cuberto e na pista ao aire libre do **Estadio Gregorio Pérez Rivera**.

## REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas con ficha pola F.G.A ó longo da tempada actual (2022) e que pertencen ás categorías **sub-10 ata sub-14**.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do martes anterior** á celebración das probas. **Haberá unha cota de inscrición de 4€ por atleta participante.**  
**Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

**Art. 3.**

## HORARIO DEFINITIVO

HORA	PESO	ALTURA	LONXITUDE	CARREIRAS	CARREIRAS
10:30	Sub 12 M - A	Sub 10 H - A	Sub 14 H - A	60 ml sub-14 M	
10:50				60 ml sub-12 H	
11:05	Sub 12 M - B		Sub 14 H - B		
11:10				50 ml sub-10 H	
11:20		Sub 10 M y H-B			
11:40	Sub 12 H - A		Sub 14 M - A	50 ml sub-10 M	
12:05				60 ml sub-12 M	
12:10	Sub 12 H - B				
12:15			Sub 14 M - B		500m sub-12 H
12:20					
12:30				60 ml sub-14 H	500m sub-12 M
12:40	Sub 10 H - C				
12:50			Sub 10 M - A	60 mv sub-14 M	500m sub-10 H
13:10	Sub 12 H - A			60 mv sub-14 H	500m sub-14 M
13:20			Sub 10 M - B		
13:25					500m sub-14 H
13:35					500m sub-10 M
13:40	Sub 12 H - B				
13:50			Sub 10 M - C		2000m sub-12-14 H
14:00					2000m sub-12-14 M

**Art. 4. Participación:**

- Só se permite a participación en 2 probas por atleta.
- Nos concursos os participantes terán 3 tentativas.
- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.
- As carreiras de 500-2000m serán con cronometraxe manual.
- Na proba de salto lonxitude a táboa situarase a 1m.

**Art. 5. Nas probas de carreiras indícarase a mellor marca.** Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6.** Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso xunto coa declaración responsable

**Art. 7.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito non participa finalmente na proba a sanción será de 5€ e non poderá participar na seguinte competición organizada nesta Delegación.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 13:59h conlevan a perda da correspondente cota de inscrición e darán lugar á tramitación da correspondente sanción segundo a normativa xeral da FGA (3€) agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 8.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 9.** O acceso á instalación será **restrinxido e controlado**. Na pista ao aire libre abriráse a entrada ata completar o aforo da instalación. O acceso ao módulo cuberto será restrinxido, poderá acceder un adestrador por cada 10 atletas inscritos de cada clube. Para solicitar o acceso deberán cubrir o formulario habilitado ao efecto no sitio web <https://www.atletismo.gal>. ata o venres ás 22h.

**Art. 10.** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art. 11.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 17 de febreiro de 2022

O Delegado en Lugo da F.G.A.

**PATROCINA:**



**ORGANIZA:**



**COLABORA:**

